



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Dirección Xeral de Administración Local

Rúa de Madrid, 2-4, 2º

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel.: 981 546 579 – 981 546 221

Fax 981 546 569 – 881 997 599

administracionlocal@xunta.gal



PROXECTO DE DECRETO SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS

As entidades locais están obrigadas a formalizar as actas dos seus órganos colexiados e as resolucións da súa presidencia, nos correspondentes libros de actas e de resolucións, sendo considerados instrumentos públicos solemnes e obrigatorios segundo o art. 52.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, precepto básico segundo a disposición final sétima apartado primeiro, letra a) do real decreto antedito.

A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das súas competencias recollidas no art. 27.2 da Lei Orgánica 1/1981 de 26 de abril do Estatuto de Autonomía de Galicia, ditou o Decreto 101/1983, do 14 de xullo, sobre libros de actas de acordos e resolucións das corporacións locais e o Decreto 418/2001 de 29 de novembro, polo que se regula o papel numerado especial da Comunidade Autónoma de Galicia para o uso das corporacións locais. En ambos recóllese exclusivamente como sistema de transcripción, o mecánico.

A data de hoxe, unha vez entrada en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, atopámonos cun novo escenario normativo de consolidación da administración dixital nas diversas administracións públicas e, polo tanto, nas Entidades Locais de Galicia.

Tanto a Lei 39/2015 coma a 40/2015 xeneralizan o emprego de medios electrónicos. Concretamente a Lei 39/2015 esixe nos seus artigos. 26.1 e 70.2, a constancia en soporte electrónico dos expedientes, e pola súa banda a Lei 40/2015, no seu artigo 40.1, establece a obriga de almacenar electronicamente tódolos documentos que se empreguen nas actuacións administrativas salvo que iso non sexa posible.

En consecuencia, a tramitación electrónica, xa non pode ser considerada unha forma especial de xestión dos procedementos, senón a forma ordinaria, polo que resulta imprescindible aplicala á obriga de levar libros de actas e resolucións.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Dirección Xeral de Administración Local

Rúa de Madrid, 2-4, 2º

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel.: 981 546 579 – 981 546 221

Fax 981 546 569 – 881 997 599

administracionlocal@xunta.gal



Por iso, con esta norma trátase de regular a forma adecuada para implantar o soporte electrónico, respondendo tamén así aos principios de eficacia, eficiencia e economía que deben presidir a actuación administrativa. Todo iso sen entrar nos aspectos derivados da Lei 19/2013 de 19 de decembro de Transparencia, que deben ser obxecto de desenvolvemento mediante as correspondentes ordenanzas municipais.

Consonte ao anterior, este decreto limítase só a desenvolver a forma das actas e resolucións que coa entrada en vigor da Lei 39/2015 e a Lei 40/2015 deben recollerse en soporte electrónico, sen prexuízo dos demais aspectos contemplados no resto da normativa aplicable.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º. Obxecto e ámbito de aplicación

O presente decreto ten por obxecto establecer o marco para dar cumprimento as obrigas de emprego de soportes electrónicos, establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no tocante aos libros de actas de órganos colexiados e resolucións das entidades locais galegas.

Artigo 2. Actas e resolucións

1. As actas das sesións dos órganos colexiados e as resolucións ou decretos constarán en documentos asinados electronicamente pola Secretaría da entidade local e a Presidencia, ou cargo no que esta última delegue, coas garantías esixidas pola normativa reguladora dos documentos electrónicos.

2. As actas das sesións dos órganos colexiados poderán ser, acta en soporte electrónico ou acta en soporte audiovisual.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Dirección Xeral de Administración Local

Rúa de Madrid, 2-4, 2º

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel.: 981 546 579 – 981 546 221

Fax 981 546 569 – 881 997 599

administracionlocal@xunta.gal



3. A acta en soporte electrónico defínese coma o documento electrónico que conteña, como mínimo:

a) Acta sucinta: Documento electrónico que conterá, cando menos, os seguintes extremos: lugar, data e hora de inicio e finalización da sesión, a indicación do carácter ordinario ou extraordinario, os asistentes con expresión dos seus cargos (presidente, vogais e demais) e os membros que se escusaran, así como o contido dos acordos alcanzados, no seu caso, con expresión do sentido do voto dos membros, así como as opinións sintetizadas dos membros que tivesen intervido nas deliberacións.

b) Sinatura electrónica: A sinatura electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento. Asinarase tamén polo seu Presidente, en canto suporá que a persoa que asine como secretario/a está no exercicio das súas funcións.

4. As entidades locais galegas poderán optar, mediante acordo de Pleno, porque as actas das sesións dos órganos colexiados consten en soporte audiovisual. Neste caso, o ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola Secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, acompañarán á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións.

A acta en formato audiovisual defínese como un documento electrónico e multimedia, composto cando menos polos seguintes elementos:

a) Acta sucinta: Documento electrónico que conterá, cando menos, os seguintes extremos: lugar, data e hora de inicio e finalización da sesión, a súa indicación do carácter ordinario ou extraordinario, os asistentes con expresión dos seus cargos (presidente, vogais e demais) e os membros que se escusaran, así como o contido dos acordos alcanzados, no seu caso, con expresión do sentido do voto dos membros.

b) Arquivo audiovideo: Gravación da sesión, contendo audio e/ou audio e video. Este documento recollerá a literalidade das intervencións e se integrará no documento electrónico de forma enlazada ou conxunta.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Dirección Xeral de Administración Local

Rúa de Madrid, 2-4, 2º

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel.: 981 546 579 – 981 546 221

Fax 981 546 569 – 881 997 599

administracionlocal@xunta.gal



c) Sinatura electrónica: A sinatura electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría do órgano, que dota de fé pública e efectos de dereito ao documento. Asinarase tamén polo seu Presidente, en canto suporá que a persoa que asine como secretario/a está no exercicio das súas funcións.

Artigo 3. Libros electrónicos de actas e resolucións

1. O libro de actas e o de resolucións en soporte electrónico estará formado pola agregación cronolóxica e numerada correlativamente das correspondentes actas ou resolucións. Terá periodicidade anual e poderá incorporar un índice comprensivo dos arquivos incluídos.

2. A aplicación informática que soporte tales libros deberá garantir a integridade, autenticidade, calidade, confidencialidade, protección e conservación dos ficheiros electrónicos correspondentes.

Disposición transitoria única. Prazo para a adaptación

Os concellos disporán do prazo dun ano para a adaptar os libros de actas e resolucións ao soporte electrónico. Entre tanto, os libros de actas e resolucións estarán formados pola impresión mecánica das actas e resolucións nos termos do Decreto 101/1983 de 14 de xullo sobre libros de actas de acordos e resolucións das Corporacións Locais e do Decreto 418/2001 de 29 de novembro, polo que se regula o papel numerado especial da Comunidade Autónoma de Galicia para o uso das corporacións locais.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogados o Decreto 101/1983, do 14 de xullo, sobre libros de actas de acordos e resolucións das corporacións locais e o Decreto 418/2001 de 29 de novembro, polo que se regula o papel numerado especial da Comunidade Autónoma de Galicia para o uso das corporacións locais, así mesmo quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste Decreto.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Dirección Xeral de Administración Local

Rúa de Madrid, 2-4, 2º

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel.: 981 546 579 – 981 546 221

Fax 981 546 569 – 881 997 599

administracionlocal@xunta.gal

galicia

Facúltase ao titular da consellería competente en materia de réxime local para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Alberto Nuñez Feijóo

Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza